

O poemario «Terra Chá», a súa obra de máis sona

O poeta chairego será lembrado pola súa extensa obra, entre a que destaca Terra Chá , publicada pola Biblioteca 120. A Real Academia Galega recoñeceu a súa valía como escritor nomeando ao poeta lucense como membro numerario. Sucedeu no cargo ó galeguista Marino Dónega Rozas.

Naquela ocasión, o novo académico definiuse coma «un galego normalizado nun país que ten unha Lei de Normalización Lingüística». Desde unha postura moi humilde subliñou: «non sei se teño merecida esta distinción» e que «pouco ou nada poderei achegar a esta ilustre corporación». Nembargantes, a confianza que depositaron nel os seus novos compañeiros fala por si soa. Manuel María estaba emocionado pero tranquilo e satisfeito de formar parte dunha institución «á que pertenceron figuras imprescindibles da nosa cultura e da do mundo».

Co seu ingreso na RAG, Manuel María conseguiu que as letras chairegas acadasen o máis alto nivel no recoñecemento literario en Galicia.
